

ACTA Coord Rede de Vilas 29/8/11

ORDE DO DÍA:

- 1-Futuro da Rede de Asembleas (actividades conxuntas en torno ás mobilizacións aprobadas en Cambre).
- 2-Asembleas (futuras e problemas das actuais)
- 3-Coordinación de accións
- 4-Varios: Información dende Obelisco (Jaime), novo local de reunión, venta das camisetas en Cambre (Xosé), Desfiuzamentos, DRY, valoración Cambre, manifestación BNG días 30/8, folga sindicatos día 2 de setembro

- 1- Convocatorias: houbo que corrixir unhas datas. As definitivas son
 - 8 setembro: concentración ante Santander Consumer Finance exigiendo dación en pago de la vivienda. Ás 11:30 da mañán.
 - 9 setembro: manifestación en Santiago (ensino)
 - 17 setembro: ocupación de Wall Street
 - 18 setembro: organizada por colectivos cataláns de sanidade e secundada en moitos puntos de España.
 - 20 setembro: paro docentes de 10:00 a 10:30
 - 21 e 27 de setembro: folga do ensino
 - 25 setembro: manifestación plataforma PAH.
 - 6 Outubro: ocupación de Washington
 - 15 Outubro
 - 1-4 novembro reunión do G20
 - 20 Novembro: eleccións xerais.

Priorízanse 21,25 e 27 de setembro, e 15 de outubro.

Cambre teñen o contacto co poñente da charla sobre a sanidade do día 27.

Mónica e Olalla informan da intención de crear un grupo de traballo de Sanidade entre compañeiros de varios barrios. Este grupo contactará co poñente en Cambre para informarse das posibles mobilizacións en Galicia.

Ensino: propónse ir ós centros educativos para informar da problemática e difundir-las convocatorias e levar charlas a cada barrio. En cada evento "machacar" co 15 de Outubro. Na próxima reunión precisaranse detalles e datas.

2- Cidade Vella: hai proxectada unha charla o día 9 na praza de Azcárraga. Solicítase axuda a Monte Alto. Non proxectan de momento constituírse en Asemblea.

Mallos: solicitarase axuda a Agra do Orzán. De momento só existen algúns grupos con intención de organizar unha Asemblea nos Mallos.

Culleredo: membros de Culleredo na Asemblea de Cambre. Éstes poden acceder a un local en Culleredo, co cal tal vez as Asembleas de Cambre no inverno se celebren en Culleredo, e de paso se fortalece o tema en Culleredo.

Betanzos: reacios ó principio, pero máis receptivos á Rede de Vilas despois do acto de Cambre.

Mesoiro: o 27 se presentaron dous voluntarios interesados en apuntarse a un posible grupo en Mesoiro.

Oleiros: redefínese como grupo de traballo e non como Asemblea (son poucos).

Labañou: paralizada. Pouca asistencia.

Introdúcese a idea de unifica-la imaxe por necesidade obxectiva de mostrar unidade. Aprázase a discusión pero se coincide en que é precisa (ou interesante) esa unificación de imaxe.

Proponse presentación da Rede de Barrios e Vilas nos medios e no blog.

3- Grupo de Desfiuzamentos quere estar no blog.

De momento a coordinación levarase a cabo como ate agora (cada Asemblea planifica o seu calendario e informa ás demais).

Colgarase un calendario de actividades no blog (lista na portada)

Coordinarse na difusión.

4- Agra: V Televisión quere entrevistar a alguén do 15M para falar da repercusión da reforma constitucional, calquer día da semana que ven en Santiago. Carlos Alberto se ofrece se vai outra persona. En Cambre hai unha economista. Vanllo propoñer e enviarán a resposta por mail.

-Obelisco (Jaime): comunica que existen varios grupos de traballo. Céntrase no Punto de Información Itinerante. Aporta información acerca do punto, das súas actividades. De momento difundiron a convocatoria do 15O, información do grupo de desfiuzamentos, recollida de firmas para a proposta de Presno. Obxeccións: Asembleas de Barrio xa son puntos de información, por qué non se invirte en axudar a organizar novas asembleas, proposta Presno non aprobada. Ofrece exposición acerca da proposta de Presno.

-DRY: vaise celebrar unha reunión do nodo local de Coruña. Carlos Alberto tentará pasa-la información ós barrios se obtén permiso.

-desfiuzamentos: van presentar unha moción nos Concellos para que aproben a dación en pago. <http://afectadosporlahipoteca.wordpress.com/mociones-ayuntamientos/>

Xosé Miguel pide debatilo nas Asembleas de Barrio. Publicitarase o envío da moción e a resposta dos Concellos.

-Xosé: vendéronse 80 camisetas o día 27 e regalouse 1. Recadáronse 523 € (houbo bote). Sobran 19 camisetas que se venderán nas próximas asembleas de Monte Alto e Agra. Non se farán máis ata terminar estas. Acórdase pagar primeiro as deudas do megáfono e o dominio, e despois devolve-las aportacións.

-Valoración Cambre: moi positiva, moi motivadora. Xa non se considera precisa a manifestación do día 2 en Cambre contra o boicot do alcalde á I Xuntanza. Seguinte xuntanza indignada: estudarase despois do 15O. Apúntas a posibilidade de que sexa a nivel galego.

.manifestación BNG: proponse non facer caso das convocatorias dos partidos como Rede de Asembleas, pero a título personal cada quen que faga o que queira.